

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA da 5ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación da prestación do servizo da seguridade da estación de autobuses.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 12 de xuño de 2018 ás 14.43 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: Dona Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal

ORDE DO DÍA

1. Retirada da oferta de Serveco Seguridad, SL e proposta de adxudicación.

Dáse conta da retirada da oferta da empresa Serveco Seguridad, SL, ao non presentar a documentación requirida no prazo outorgado.


O artigo 17.1 do prego de condicións establece: *"De non cumprimentarse estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de des días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas"*

Tendo en conta o que antecede, e do recollido nas mesas anteriores, **ACÓRDASE:**

Propoñer á empresa **SALZILLO SEGURIDAD, SL**, que ofertou un importe de **77.032,02 €** (máis o IVE) como adxudicataria do contrato, ao ser a seguinte clasificada do cadro de valoración.

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.45 horas. Dou fe.

A collection of approximately seven handwritten signatures in blue ink, scattered across the page. The signatures vary in style, from simple cursive to more complex, scribbled-out marks.

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 6ª XUNTANZA**

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación da prestación do servizo da seguridade da estación de autobuses.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 16 de xullo de 2018 ás 11.05 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
Dona Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

ORDE DO DÍA**1. Cualificación da documentación xeral presentada polo licitador proposto para a adxudicación.**

Os membros da Mesa, logo de analizar a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **SALZILLO SEGURIDAD, SL**, consideran acreditada a mesma e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na sesión de 12 de xuño de 2018 a favor do mencionado licitador.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 11.08 horas. Dou fe.

